

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez e Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa aos despedimentos en Atento Coruña.

Exposición de Motivos

A degradación das condicións laborais ao traveso do xogo sucio das subcontratas ten un exemplo paradigmático no conflito laboral que protagoniza Atento na cidade de Coruña, ao pechar o servizo de información telefónica 11822 (servizo que esta empresa mercou a Movistar no 2012) e proceder ao despedimento de 19 traballadoras e traballadores. A razón da plantilla ben se pode condensar na consigna: Atento-Movistar, explotación laboral.

O continuo incremento da explotación laboral coa sobrecarga de traballo e a esixencia de venda por riba de calquera outra consideración, sexa esta referida á saúde laboral ou a ética coa que as traballadoras e traballadores teñen que desenvolver o seu labor, constitúe a marca de fábrica desta marca branca de Telefónica. Así sucédense os cambios de contrato e dos horarios nun clima de presión e esixencias desmesuradas no que atinxe a vendas, tempos e descansos. Unha plantilla reducida enfrenta un crecemento no volume de chamadas atendidas que ronda o 40%.

Cómpre lembrar que esta empresa perdeu o ERE o ano pasado na Audiencia Nacional por vulnerar as liberdades sindicais. A mosca na súa pésima práctica unha exquisita folla de servizos neoliberal de nulo respecto aos dereitos da súa plantilla.

O grupo parlamentar da AGE expresa a súa solidariedade coa loita e mobilizacións da plantilla para esixir a readmisión das persoas despedidas e para repoñer o servizo pechado.



Polo referido o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o Pleno:

- O Parlamento Galego insta a Xunta a realizar as xestións oportunas conducentes a garantir a anulación dos despedimentos en Atento Coruña.

En Compostela, a 16 de abril do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 16/04/2015 13:52:44

Eva Solla Fernández na data 16/04/2015 13:52:52